

## Acta da Comisión de Garantía Interna de Calidade da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía do 20 de outubro de 2021

### Anexos:

- I. Convocatoria da CGIC do 20/10/2021
- II. Asistentes á CGIC do 20/10/2021
- III. Rexistro R3-MC02 Informe de QSP periódico (curso 2020/2021)
- IV. Informe Anual de Promoción das titulacións do centro (curso 2020/2021), correspondente ao rexistro R1-DO0202 P1 Plan de promoción do centro
- V. Rexistros R3-DO0201 P1 Informes de Coordinación das titulacións do centro:
  - a. R3-DO0201 P1 Informe de Coordinación do GEE
  - b. R3-DO0201 P1 Informe de Coordinación do GERME
  - c. R3-DO0201 P1 Informe de Coordinación do MUEM
- VI. Rexistros do procedemento DO0203 Orientación ao estudantado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo:
  - a. R1-DO0203 P1 Plan de acción tutorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo (PAT-ANEAE) do centro para o curso 2021-2022
  - b. R2-DO0203 P1 Informe final de avaliación do Plan de Acción Tutorial do curso 2020-2021.

Ábrese a sesión ás 10 horas, en segunda convocatoria, na Sala de Xuntas 1 da Escola de Enxeñaría de Minas e Enerxía no Campus Remoto, presidida pola Presidenta, Dona Elena Alonso Prieto, e trátanse os seguintes puntos da orde do día:

1. **Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior: ordinaria celebrada o 7 de xullo de 2021.**

Envíase por correo electrónico xunto coa convocatoria desta CGIC.

Apróbase por asentimento e será publicada na sección INICIO / CALIDADE / COMISION DE CALIDADE da web do centro:

<http://minaseenerxia.uvigo.es/gl/escola/ordenacion-interna/comision-de-calidade/>

## 2. Informe do Coordinador.

O Coordinador comenta as principais incidencias relativas á Calidade dende a anterior sesión da CGIC:

- **Composición da Comisión de Calidade:**
  - ✓ Baixa do coordinador do Máster en Xeoinformática por tratarse dunha titulación xa extinguida.
- **Renovación da certificación de implantación do Sistema de Calidade da Escola:**
  - ✓ Segue pendente a chegada do certificado da ACSUG.
  - ✓ Nunha próxima sesión da comisión de calidade levarase a cabo unha nova análise do informe final (favorable) do 11 de xuño co obxecto de declarar as Accións de Mellora correspondentes.
- **Xestión de acordos previos :**
  - ✓ **Indicador I07(2)-DO:** incluír na enquisa de satisfacción a persoas tituladas a valoración sobre o TFM/TFG en base á inclusión dalgunhas preguntas concretas.
    - 21 setembro a 13 outubro: revisión do deseño da enquisa preparado en xullo, posta a punto, definición da poboación (persoas egresadas dos cursos 20/21, 19/20 e 18/19, tanto dos graos como do máster) e das desagregacións de interese para a extracción de resultados. A enquisa lanzarase nos próximos días. Agrádecese a Raquel Gandón a colaboración prestada na implementación da enquisa.
- **Comunicacións da Área de Calidade – Programa DOCENTIA**
  - ✓ 7 outubro 2021: publicación da listaxe definitiva de persoas seleccionadas para participar na III Convocatoria Quinquenal do programa (8 PDI do centro).
- **Comunicacións da Área de Calidade – Enquisas de Satisfacción**
  - ✓ 6 outubro 2021: o Servizo de Posgrao informa do prazo para a enquisa de satisfacción cos programas de doutoramento da Universidade de Vigo (do 7 de outubro ao 4 de novembro), dirixida ao estudiantado de primeiro e terceiro anos de doutoramento.
- **Comunicacións da Unidade de Análises e Programas**
  - ✓ 5 outubro 2021: notificación da corrección do cálculo da media de duración dos estudos de grao e máster publicados no Portal de Transparencia (indicador GRA. Graduación duración media dos estudos) solicitada dende o centro no mes de maio.
- **Procedementos do SGIC en revisión para o Curso 2021-2022:**
  - ✓ 14-30 setembro 2021: prazo para a revisión dos borradores dos procedementos DE-01 Programación e desenvolvemento estratéxico (que inclúe a Política e Obxectivos de Calidade) e o Manual de Calidade (que consta dun manual institucional e outro de centro). Achegáronse comentarios e suxestións sobre ambos dende o centro. Proximamente enviarán a versión definitiva para a súa aprobación nos centros.
- **Rexistros pendentes na plataforma do SGIC - Curso 2021-2022:**
  - ✓ Na sesión de hoxe trataranse todos os rexistros abertos excepto os seguintes:

- **R1-DE01 P1 - Plan estratéxico do centro.** Proponse pospelo ao próximo curso xa que nos próximos meses vaise aprobar o novo procedemento.
  - **R4-DO0201 P1 - Procedemento para o seguimento e control da docencia.** Está pendente de valoración e a súa elaboración parece convinte ligala ao Plan estratéxico.
- **Accións de Mellora na plataforma do SGIC:**
- ✓ 20 setembro 2021: rematouse a actualización correspondente ao IRPD 2019-2020; ademais, reorganizáronse as accións de mellora con novos códigos para facilitar a súa identificación. Agradécese a Carmen Romo o traballo realizado.

A Presidenta agradece ao coordinador de calidade o traballo realizado.

### 3. **Aprobación, se procede, do rexistro R3-MC02 Informe de QSP periódico (curso 2020/2021).**

A Presidenta amosa o informe e o comenta brevemente, sinalando que houbo só 5 QSPs fronte as 22 do curso precedente. Ademais, unha foi un parabén. Sinala que non se inclúen no informe as QSP relativas á administración do ámbito tecnolóxico posto que o centro non ten capacidade de decisión sobre elas; con todo, indica as principais temáticas das QSPs achegadas relacionadas co centro.

Apróbase o documento por asentimento.

### 4. **Aprobación, se procede, do documento Informe Anual de Promoción das titulacións do centro (curso 2020/2021), correspondente ao rexistro R1-DO0202 P1 Plan de promoción do centro.**

A Presidenta sinala o que o rexistro recolle un resumen das actividades de promoción do centro desenvolvidas ao longo do curso pasado e das que xa se foi informando en Xunta de Escola a medida que se realizaron. Amosa o informe e o comenta brevemente. Salienta que o informe foi elaborado por Santiago Pozo, responsable do Plan de Promoción e Coordinador da Comisión de Difusión do Centro, a quen agradece o traballo e a súa dedicación á difusión do centro. Estende o agradecemento a todas as persoas que colaboraron e participaron nas actividades.

A Comisión aproba por asentimento o documento.

### 5. **Aprobación, se procede, dos rexistros do procedemento DO0201 Planificación e desenvolvemento das ensinanzas:**

- **R3-DO0201 P1 Informes de Coordinación do curso 2020-2021 das titulacións do centro.**

A Presidenta sinala que os informes de coordinación foron achegados con antelación, indica a súa estrutura e contidos e salienta os seus principais aspectos.

Apróbanse por asentimento os informes de coordinación das tres titulacións.

A Presidenta agradece o traballo realizado ás persoas coordinadoras de curso, titulación e calidade.

## **6. Aprobación, se procede, dos rexistros do procedemento DO0203 Orientación ao estudantado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo:**

- R1-DO0203 P1 Plan de acción tutorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo (PAT-ANEAE) do centro para o curso 2021-2022.
- R2-DO0203 P1 Informe final de avaliación do Plan de Acción Tutorial do curso 2020-2021.

A Presidenta amosa o Informe final de avaliación do Plan de Acción Tutorial do curso 2020-2021 e o comenta brevemente.

A Comisión aproba por asentimento o rexistro R2-DO0203 P1.

A continuación sinala a necesidade de deseñar o Plan de Acción Tutorial e Atención ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo (PAT-ANEAE) do centro, no marco do novo procedemento DO0203 aprobado o curso pasado, integrando o ANEAE como parte do PAT. Ademais, lembra que xa se tiña detectado un desfase entre as accións recollidas no PAT e as que en realidade se estaban a desenvolver, que motivaba a necesidade de acometer unha actualización do PAT.

A Presidenta amosa o documento proposto sinalando os seus principais aspectos e unhas pequenas modificacións propostas pola Coordinadora MEET-PIUNE, Ángeles Domínguez, a quen agradece a súa colaboración.

A Comisión aproba por asentimento o Plan de Acción Tutorial e Atención ás Necesidades Específicas de Apoio Educativo (PAT-ANEAE).

A Presidenta agradece a Ángeles Domínguez, Coordinadora MEET-PIUNE, e a Ángeles Saavedra, anterior coordinadora, a colaboración e suxestións durante o proceso de elaboración do documento.

## **7. Rogos e Preguntas.**

Diego López propón como acción de promoción do centro que nalgunhas visitas a institutos vaia algún representante das empresas colaboradoras e se ofrece voluntario. Ademais suxire organizar algunha xornada empresas-Escola, de xeito que as empresas comenten o que fan e que os alumnos expoñan o contido dos seus TFG/TFM ás empresas.

A Presidenta comenta que a primeira idea é moi boa e que a Escola pode actuar como intermediaria entre a empresa e o IES. Sinala, no obstante, que aos IES se lles achegan propostas e eles elixen as que lles interesan e que é difícil encaixar unha actividade que



supoña moito tempo e saír do centro. Sobre a segunda proposta, indica que a recolle e estudará como pode levarse a cabo (seminario aberto,...).

Sen máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 10 horas e 41 minutos do día de hoxe, do que como Secretario dou fe en Vigo, a vinte de outubro de dous mil vinte e un.

Vº e Prace

A Presidenta

Elena Alonso Prieto

O Secretario

Guillermo García Lomba



## **ANEXO I**

Convocatoria da CGIC do 20/10/2021



## **ANEXO II**

Asistentes á CGIC do 20/10/2021



<b>Asistentes á Comisión de Garantía Interna de Calidade do 20 de outubro de 2021</b>	
Elena Alonso Prieto	Presidenta / Directora
Guillermo García Lomba	Secretario / Coord. Calidade
María Araújo Fernández	Coordinadora Grao ERME
Elena González Rodríguez	Representante do PDI
Diego López González	Representante da Sociedade
Teresa Rivas Brea	Enlace Igualdade
Ana Rodríguez Rodríguez	Calidade Máster EM
M <sup>a</sup> Carmen Romo Pérez	Repr. da Administradora do centro
<b>Escusan a súa asistencia</b>	
Luisa Álvarez Zaragoza	Repres. do Estudantado Egresado
Carmen Filgueira Sánchez	Representante do Alumnado





## **ANEXO III**

**Rexistro R3-MC02 Informe de QSP periódico (curso 2020/2021)**



## **ANEXO IV**

Informe Anual de Promoción das titulacións do centro (curso 2020/2021),  
correspondente ao rexistro R1-DO0202 P1 Plan de promoción do centro



## **ANEXO V**

Rexistro R3-DO0201 P1 Informes de Coordinación das titulacións do centro:

- a) R3-DO0201 P1 Informe de Coordinación do GEE
- b) R3-DO0201 P1 Informe de Coordinación do GERME
- c) R3-DO0201 P1 Informe de Coordinación do MUEM

## **ANEXO VI**

Rexistros do procedemento DO0203 Orientación ao estudantado e atención ás necesidades específicas de apoio educativo:

- a) R1-DO0203 P1 Plan de acción tutorial e atención ás necesidades específicas de apoio educativo (PAT-ANEAE) do centro para o curso 2021-2022
- b) R2-DO0203 P1 Informe final de avaliación do Plan de Acción Tutorial do curso 2020-2021